



Cum tucte le tue creature. Invitación á lectura da exhortación apostólica *Laudate Deum* sobre o quecemento global

Xaime M. González Ortega¹

1.- Introducción

O papa Francisco fixo pública en outubro do ano pasado unha exhortación apostólica sobre a crise climática², un aspecto do que el denomina «coidado da casa común». A este tema xa dedicara a encíclica *Laudato si*³ (2015) e abordárao máis brevemente na exhortación *Querida Amazonia*⁴ (2020). Por que entón un novo texto? «Co pasar do tempo [recoñece], doume conta de que non estamos a responder de modo satisfactorio, pois este mundo que nos acolle, estase esboroando e talvez aproximando a un punto de ruptura» [2]⁵. É unha consideración atinada: os científicos do clima non cansan de lembrarnos que o tempo para tomarmos medidas decisivas que permitan atallar un incremento da temperatura global irreparabelmente prexudicial, acaba xa; na realidade eses prexuízos están xa a producirse. «A subida do nivel do mar e o desxeo dos glaciares poden ser facilmente notados por unha persoa no arco da súa vida e probabelmente, dentro de poucos

1 Xaime M. González Ortega é doutor en bioloxía e exerceu como catedrático de ensino secundario ata a súa xubilación.

2 Pódese ler en: https://www.vatican.va/content/francesco/pt/apost_exhortations/documents/20231004-laudate-deum.html

3 Pódese ler en: https://www.vatican.va/content/francesco/pt/encyclicals/documents/papa-francesco_20150524_enciclica-laudato-si.html

4 Pódese ler en: https://www.vatican.va/content/francesco/pt/apost_exhortations/documents/papa-francesco_esortazione-ap_20200202_querida-amazonia.html

5 Os números entre corchetes refírense aos puntos da exhortación apostólica. Os textos citados foron adaptados ao galego desde a versión portuguesa.